



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2015

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 21 de decembro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Xoán Carlos Chillón Iglesias.

SUPLENTES: D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 9 E 14 DECEMBRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 9 e 14 de decembro de 2015.

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da

licenza municipal e, así mesmo, achegárase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ao seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.345.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.197.- A M. D. F. e L. E. G., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies autorizadas son 128,90 m² de planta baixa, 44,34 de garaxe, 81,31 de aproveitamento baixo cuberta e 33,17 de terrazas.
Cangas, 17 de decembro de 2.015

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.637.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JUAN CARLOS RODRIGUEZ LLANOS.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 13 de novembro de 2015, acordou:

a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. C. R. L., para vivenda, sita en Barreiras - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 20.501.

b) Así mesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.652.- A M. A. G., acéptase a renuncia á solicitude de licenza municipal de obras de construción de galpón en Pedreira 2 - Coiro

2.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.685.- O tramitado a instancia de A. S. B., para cercos laterais en Avda. de José Graña 177 - Aldán, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcorrer mais de tres meses dende o requirimento de presentación de documentación de data 12 de febreiro de 2015.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ao concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ao outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.699.- A D. G. C., para canalización de fecais e melloras en instalación de auga quente en Fonte do Galo 5 - Baixo - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.664.- A F. T. C., para en Santa Marta - Darbo, construír unha piscina de 78,00 m², de conformidade co proxecto do arquitecto Fernando Baliño Pizcueta, de setembro de 2.015.

EXPEDIENTE Nº 25.666.- A F. T. C., para en Santa Marta - Darbo, acondicionar a rasante do terreo, de conformidade co proxecto do arquitecto Fernando Baliño Pizcueta, de setembro de 2.015.

EXPEDIENTE Nº 25.705.- A J. P. F., para en Monte de San Cibrán 39 - Aldán, construír 3,60 m² de muros de contención e 25,00 m² de movemento de terras, de conformidade co proxecto dos arquitectos Roi Abal, Mario Fernández e Arturo Lagoa, de outubro de 2.015.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.599.- R. P. Q., movemento de terra en Castro Miranda - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.606.- J. A. C. G., cerco en Nerga - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.664.- F. T. C., edificación adxectiva en Santa Marta - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.685.- F. R. M. e S. M. A. B., instalación de saneamento en Seixido - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.714.- J. A. P., cerco en Barreira - Liméns - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.742.- A. S. M., demolición cobertizo e construción de caseta tendedeira en A Rosada 50 b-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.762.- D. O. P. e J. B. D., cerco en Pinténs - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.775.- SPORTIUM APUESTAS GALICIA S.L.U., acondicionamento local en Redondela 5 baixo - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.777.- J. C. P. C., reparación e modificación de beirarrua en Antonio Nores 17 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.783.- COMUNIDADE PROPIETARIOS BAIONA 8, restauración medianeira en Baiona 8 - Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 60/2009-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 10.12.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 60/2009-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 60/2009

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro do 2015, resulta que:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de L. P. Q. e segundo consta no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de San Roque-Darbo, obras consistentes en ampliación de vivenda arrimada a lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo informe do arquitecto municipal obrante no expediente.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador polas obras referidas executadas sen licenza, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2015, dentro do prazo outorgado para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 10 de marzo de 2015, rexistro de entrada nº 2959, L. P. Q. formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido ao efecto nas que:

- Alega a prescrición da infracción, invocando o disposto no artigo 218 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística que indica que as infraccións graves prescriben no prazo de 6 anos a contar desde a data de finalización das obras (aportan un certificado emitido en data 6 de marzo de 2015).*
- Solicita a suspensión do procedemento sancionador incoado en tanto non se resolta o P.o. 519/2014, en trámite no Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra no que recorre a resolución de Alcaldía na que se ordena a demolición das obras executadas sen licenza.*
- Solicita a aplicación de circunstancias atenuantes para rebaixar a sanción impostas e tipificar esta como leve.*

Estas alegacións foron desestimadas na proposta de resolución elaborada polo instrutor do expediente de data 8 de abril de 2015, notificada á interesada en data 20 de abril, concedéndolle un novo prazo de quince días para formular alegacións.

TERCEIRO.- L. P. Q., con data 5 de maio do 2015, rexistro de entrada nº 6058, formula alegacións dentro do prazo conferido para o efecto na que alega:

- Reitera na súa totalidade as alegacións realizadas en escrito de data 10 de marzo do 2015. Sinala que as obras obxecto deste expediente consisten en: 'cubrición de terraza xa existente.'*

- *Se reitera a alegación de prescripción.*
- *Faise protesta de aportar, nun prazo non superior a 20 días, acta notarial de manifestacións referentes á data na que se rematou a obra.*
- *Solicita a suspensión do procedemento e sinala que o competente para tipificar unha infracción é un xurista non un arquitecto.*
- *Indican que a non admisión a proba xera indefensión e que a súa inadmisión non estaba debidamente motivada, solicitaban a comparecencia e declaración perante o instrutor dos técnicos asinantes da certificación que se achega. Incorporan en data 19 de maio acta de manifestacións e referencia.*

Estas alegacións foron desestimadas na proposta do instrutor do expediente, de data 21 de xullo de 2015, aprobada pola Xunta de Goberno Local realizada o pasado 27 de xullo de 2015, notificándose o acordo en data 10.09.2015.

CUARTO.- Dentro do prazo conferido aos efectos L. P. Q., con data 1 de outubro do 2015, rexistro de entrada nº 12.608, formula recurso de reposición fronte a dito acordo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 116 da lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015: 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...'

SEGUNDO.- O artigo 219.1 da LOUG sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística ás persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor/promotora das obras, propietario/propietaria dos terreos ou empresario/empresaria das obras, e os/as técnicos/técnicas redactores do proxecto e directores/director das obras.

Obra no expediente informes do arquitecto municipal de datas 19.03.2015, 20.03.2014 e 28.02.2013, nos que sinala que as obras realizadas están tipificadas como graves segundo o disposto no artigo 217.3.a da LOUG e se consideran ilegalizables.

TERCEIRO.- No recurso de reposición interposto reitera na súa totalidade as alegacións formuladas durante a tramitación do expediente, sinala que as obras obxecto deste expediente consisten en: 'cubrición de terraza xa existente', reitera a alegación de prescripción da sanción tendo en conta a acta notarial de manifestación dos veciños/veciñas do lugar e do construtor que executou a

obra, as actas notariais que constatan manifestacións privadas, carecen de eficacia para probar o que exceda do feito de que sexan emitidas polo seus autores.

O recurso de reposición debe ser desestimado polos seguintes razoamentos:

Visto o artigo 208 da LOUGA: 'Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os administrados'.

Segundo o establecido no artigo 210 do citado texto legal tomarase como data de finalización das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito. A acta da inspección pola que se pon en coñecemento a realización de obras sen licenza no lugar de San Roque-Darbo, consistentes en ampliación de vivenda. arrimada a lindeiro é de 5 de outubro de 2009.

O prazo para computar a prescrición é o establecido no artigo 218 da LOUG: 'As infraccións urbanísticas moi graves prescribirán aos quince anos, as graves aos seis anos e as leves aos dous anos, a contar desde a finalización das obras ou da actividade'.

As obras obxecto deste expediente están tipificadas como graves polo arquitecto municipal no seu informe de data 20 de marzo de 2014.

Existe unha Resolución de Alcaldía de data 29 de abril de 2014, ditada no expediente de restauración da legalidade urbanística e ordena a demolición das obras de ampliación de vivenda arrimada a lindeiro realizadas en San Roque-Darbo, sen licenza municipal, fronte dita resolución formulouse recurso de reposición desestimada en data 4 de xullo de 2014. Esta resolución foi recorrida perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, P.o. 519/2014.

En virtude do disposto no artigo 132.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do/da interesado/interesada, do procedemento sancionador. O expediente sancionador incoouse en data 09.02.2015 sendo notificado á interesada en data 05.03.2015, polo que a posible prescrición foi interrompida por dito acordo.

Como ten declarado reiteradamente a xurisprudencia: 'a carga da proba de que transcorreu o prazo de prescrición sopórtana non a administración senón o administrado que voluntariamente se colocou nunha situación de clandestinidade na realización dunhas obras e que por tanto creou a dificultade para o coñecemento do 'dies a quo' nese prazo, pois o principio de boa fe, na súa vertente procesal, impide que o que crea unha situación de ilegalidade

poida obter vantaxe das dificultades probatorias orixinadas por esta ilegalidade' (sentenza nº 308/2007 e sentenza nº 130/2009 do 5 de febreiro de 2009, ambas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).

O certificado aportado pola interesada para acreditar a antigüidade da edificación no que Francisco Mallo Lagoa e Santiago Gil Fernández certifican o 6 de marzo de 2015, que a edificación obxecto de infracción estaba finalizada en data 15.09.2008, aparte de contar con defectos formais, xa que non se trata de ningún documento orixinal nin compulsado emitido con posterioridade á data de terminación da obra, non é outra cousa que unha testemuña compracente ao que non cabe darlle valor probatorio como sinala a sentenza nº 920/2009 do TSX de Galicia.

Respecto da solicitude de suspensión do procedemento sancionador incoado, en tanto non se resolva o P.o. nº 519/2014 en trámite no Xulgado do Contencioso nº 1 de Pontevedra, no que recorren a resolución de Alcaldía na que se ordena a demolición das obras executadas sen licenza no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado.

O artigo 7.2 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora establece que: 'Recibida a comunicación e se se estima que existe identidade do suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puidera corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento acordará a súa suspensión ata que recaia resolución xudicial'. O procedemento incoado non é en vía penal senón en vía administrativa, polo que non opera o requisito para declarar a suspensión do procedemento sinalado nesta norma.

Cómpre sinalar que a restauración do orde urbanístico vulnerado soamente ten efectos no procedemento sancionador se se leva a cabo con anterioridade á finalización deste; neste caso se aplicaríase a redución do 80% da sanción imposta. O procedemento sancionador e o de restauración da legalidade urbanística son dous procedementos independentes. Como sinala a sentenza do TSXG nº 652/2008, do 25 de setembro: 'aínda que o expediente no que se ditou é independente do sancionador era esixible, por motivos de obvia racionalidade, que aquel se resolvese antes ou simultaneamente que o sancionador e así se fixo. A impugnación xurisdiccional de acordo de reposición da legalidade urbanística non impide á administración resolver o expediente sancionador, pois non hai norma ningunha que así o estableza e na medida cautelar referida soamente significa que as actuacións necesarias para a restauración da legalidade non poden seren levadas a cabo'.

Respecto da tipificación da infracción o arquitecto municipal reitera, no seu informe de data 19 de marzo de 2015, a tipificación da infracción como grave, tipificación que consta nos informes de data 28 de febreiro de 2013 e 20 de marzo de 2014.

Infórmase que en virtude do disposto no artigo 220 da LOUG a sanción imposta é a mínima prevista na lei. Polo exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por L. P. Q. contra a resolución de data 27 de xullo de 2015 do expediente sancionador nº 60/2009-S, pola cal se acordou impoñer a L. P. Q. unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) polas obras realizadas no lugar de San Roque-Darbo (acordo notificado en data 10.09.2015) polos fundamentos xurídicos expostos no corpo desta resolución.

SEGUNDO.- Confirmar a resolución do 27 de xullo de 2015 en todos os seus termos.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución ao departamento de disciplina, para que se notifique o acordo á interesada e á Tesourería Municipal.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.º.3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 60/2009-S.

FACENDA

5º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTES	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
D. R. B.	FIANZA	210,00 €	QUIOSCO-2015

XESTIÓN CULTURAL AUREA, S.L.	AVAL	1.521,81 €	GARANTÍA DEFINITIVA POLO SERVIZO DE MONITOR/ES DOS CURSOS DE PERSOAS MAIORES PARA O PERÍODO 2013/2014
------------------------------	------	------------	---

6º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DE AUTO Nº 125/2015 DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada dos seguintes datos:

* AUTO Nº 125/2015 DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2.- P.O. Nº 221/2015

- A persoa recorrente: M. C. O. P.
- Contido: acorda declarar rematado o presente procedemento contencioso-administrativo, iniciado por recurso interposto polo procurador D. J. M. D. L., actuando en representación de Dna. M. C. O. P., por recoñecemento extraprocesal das súas pretensións.
- Non se fai condena en costas.
- Non cabe interpoñer recurso de apelación.

6.B) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO (20.10.2015) DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 81/2009

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 16.12.2015 referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída na peza separada de execución nº 81/2009 (procedemento ordinario nº 21/09), promovido por NEOR, S.A., que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO (20.10.2015) DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 81/2009 (Proc. ordinario 21/09) X-09/04

Visto o Decreto ditado en data 20.10.2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento arriba indicado, polo que se ACORDA:

• *Aprobar a proposta de liquidación de xuros achegada pola parte executante NEOR, S.A., que ascende á cantidade de vinte e un mil catrocentos corenta e seis euros con corenta e seis céntimos (21.446,46 €).*

• *Faise saber á parte executada (Concello de Cangas) que se o pago da referida suma non se efectúa de forma voluntaria, procederá a súa exacción polas normas previstas no artigo 571 e seguintes da LEC, para a súa execución diñeraria'.*

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do citado Decreto ditado en data 20.10.2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na PSE dimanante do procedemento ordinario nº 81/22009, instruído a instancia da mercantil NEOR, S.A.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería para que procedan a realizar os trámites que resulten pertinentes, co fin de dar cumprimento do acordado no citado decreto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída na peza separada de execución nº 81/2009.

6.C) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO (20.10.2015) DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 81/2009

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 16.12.2015 referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída na peza separada de execución nº 81/2009 (procedemento ordinario nº 21/09), promovido por NEOR, S.A., que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO 27.11.2015) DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 81/2009 (Proc. Ordinario nº 21/09) X-09/04

Visto o Decreto ditado en data 27.11.2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento arriba indicado, pola cal se acorda: 'Aprobar a taxación de custas de data 29.09.2015, practicada na peza separada de execución nº 81/2009 por importe de mil cento trinta e oito euros con seis céntimos (1.138,06 €), a cuxo pago foi condenado o Concello de Cangas, cantidade que deberá ser ingresada na Conta de Depósitos e Consignacións (Banco Santander nº 3597000085008109)".

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto ditado en data 27.11.2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na PSE dimanante do Procedemento Ordinario nº 81/22009, instruído a instancia da mercantil NEOR, S.A.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de mil cento trinta e oito euros con seis céntimos (1.138,06 €), en concepto de custas, con cargo á aplicación 336.22604 do vixente orzamento de gastos (consta RC de data 16.12.2015, nº de asento 16204).

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, co fin de que se realicen os trámites pertinentes e se proceda ao pagamento das cantidades recoñecidas na conta de depósitos e consignacións do xulgado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída na peza separada de execución nº 81/2009.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

7.A) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 17.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** BAIXA do SAF por falecemento de S.G.P., co expediente nº 36008/01/001493-VI0000043342".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.B) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 17.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de Intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle o servizo de Axuda a Domicilio a A.P.H., con expediente nº 36008/01/002757-44501, a través da quenda de quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 8 horas.

Custo total do servizo: noventa e oito euros con oito céntimos (98,08 €) doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de novecientos catorce euros con corenta e nove céntimos (914,49 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o coste do servizo de dous euros con cincuenta e oito céntimos (2,58 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: vinte euros con sesenta e catro céntimos (20,64 €/mes).

O servizo de SAF iniciarase a partir do 28 de decembro de 2015".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.C) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 17.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a A.C.M., co expediente nº: 36008/02/1393-35594, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: *douscentos corenta e cinco euros con vinte e tres céntimos (245,23 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo capacidade económica: 20,64%) cincuenta euros con sesenta e tres céntimos (50,63 €/mes).*

Número de horas: *20 horas.*

Data prevista de alta no SAF: *decembro de 2015".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.D) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 17.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a I.P.M., co expediente nº: 36008/02/001709-25209, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo capacidade económica: 0%) cero (0 €/mes).*

Número de horas: *70 horas.*

• Data prevista de alta no SAF: decembro de 2015”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 17.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que dí:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

Con relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** ALTA no servizo a E.A.L., con expediente nº: 36008/01/000224.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de proposta do día 21.12.2015 da Alcaldía, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de bar-cafetería do Centro sociocomunitario do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16.11.2015 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo especial consistente na prestación do servizo de bar-cafetería no Centro sociocomunitario do Concello de Cangas.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de bar-cafetería no Centro sociocomunitario do Concello de Cangas, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Segundo.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico."

ANEXOS:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE CANGAS

I. - ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico

CLÁUSULA 2ª.- Duración do contrato

CLÁUSULA 3ª.- Canon e tipo de licitación

CLÁUSULA 4ª.- Órgano de contratación

CLÁUSULA 5ª.- Garantías

CLÁUSULA 6ª.- Capacidade para contratar

CLÁUSULA 7ª.- Solvencia económica e financeira e solvencia técnica

CLÁUSULA 8ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante

II.- PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 9ª.- Procedemento de adxudicación

CLÁUSULA 10ª.- Prazo, lugar e forma de presentación de ofertas

CLÁUSULA 11ª.- Criterios de adxudicación

➤ *Criterios non avaliados mediante fórmulas*

➤ *Criterios avaliados mediante fórmulas*

CLÁUSULA 12ª.- Mesa de contratación

CLÁUSULA 13ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de ofertas

CLÁUSULA 14ª.- Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

CLÁUSULA 15ª.- Criterios para resolver eventuais empates

CLÁUSULA 16ª.- Requirimento previo á adxudicación do contrato

CLÁUSULA 17ª.- Adxudicación e formalización

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 18ª.- Execución e responsabilidade do contratista

CLÁUSULA 19ª.- Pago do canon

CLÁUSULA 20ª.- Obrigas e deberes do adxudicatario

CLÁUSULA 21ª.- Dereitos do adxudicatario

CLÁUSULA 22ª.- Penalidades por incumprimento: Infraccións e Sancións

CLÁUSULA 23ª.- Prazo de garantía

CLÁUSULA 24ª.- Modificación do contrato

CLÁUSULA 25ª.- Cesión do contrato e subcontratación

CLÁUSULA 26ª.- Resolución do contrato

CLÁUSULA 27ª.- Xurisdición

ANEXOS

I.- Cadro resumo

II.- Modelo de declaración responsable

III.- Modelo de oferta económica

IV.- Modelo de aval

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO.

1.1.- *É obxecto deste contrato a prestación do servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario do Concello de Cangas situado na Avda. de Castelao n.º 4 Cangas, cuxas especificacións técnicas se recollen no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).*

1.2.- *Código da nomenclatura CPV (Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea) aplicable ao contrato:*

➤ *55330000-2→ servizos de cafetería*

➤ *55410000-7→ servizos de xestión de bares*

1.3.- *Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 19.1.b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), este ten a consideración de **CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL** por implicar a contratación dun servizo nun ben de dominio público de titularidade municipal de directa vinculación á prestación dun servizo público.*

1.4.- *Necesidades administrativas a satisfacer:*

Mediante a execución deste contrato preténdese prestar un servizo complementario e accesorio ós usuarios do citado centro que se xustifica na necesidade de continuar ofrecendo o servizo de cafetería que viña prestando a Asociación de Xubilados e Pensionistas Santiago de Cangas mediante convenio asinado en data 27.12.2011 co Concello de Cangas.

1.5.- *O presente contrato rexerase polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.*

1.6.- *Terán carácter contractual, os seguintes documentos:*

- *O presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)*
- *O prego de prescricións técnicas (PPT)*
- *A oferta do adxudicatario*
- *O documento no que se formalice o contrato*

No non previsto neste prego, o contrato rexerase polas seguintes normas:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.

*A duración do contrato establecece en **4 ANOS** non susceptible de prórroga.*

CLÁUSULA 3ª.- CANON E TIPO DE LICITACIÓN

3.1.- CANON: a utilización deste espazo de titularidade municipal leva consigo a obriga do adxudicatario de abonar un canon mensual polo importe que resulte da súa oferta na adxudicación.

3.2.- TIPO DE LICITACIÓN: establécese como orzamento base de licitación a cantidade de 250 €/mes (IVE incluído). Non se admitirán ofertas que resulten inferiores á dita cantidade ou aquelas que non indiquen a cifra concreta pola que formula a súa proposición.

3.3.- PAGO DO CANON: o devengo producirase a partir da data de formalización do contrato. O canon ingresarase por trimestres vencidos, dentro dos 10 días seguintes ó trimestre correspondente e sen necesidade de requirimento algún por parte do Concello de Cangas. O pagamento do canon realizarase na Tesourería Municipal na forma que se determine no documento formalizador do contrato.

CLÁUSULA 4ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 2.07.2015.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente. Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 5ª.- GARANTÍAS

- *Provisional: non se esixe.*
- *Definitiva: 5% do prezo do contrato (IVE excluído).*

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 do TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas en prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 7ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

7.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Para acreditar a solvencia económica o licitador que resulte adxudicatario deberá achegar o xustificante de ter subscrito un seguro de indemnización por riscos profesionais por importe mínimo de 60.000 €.

7.2.- SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL:

Apreciarase que o licitador adxudicatario dispón da correspondente solvencia técnica ou profesional tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, que deberá acreditar, por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, relacionados co servizo de hostalaría, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade do servizo a prestar.

c) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

e) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA 8ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

8.1.- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o prego de prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán a disposición dos licitadores na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina Apoio Xurídico), de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións.

8.2.- Esta licitación publicarase no perfil do contratante e o acceso público efectuarase a través do portal da web do Concello de Cangas (www.cangas.gal).

II.- PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN E ADJUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 9ª.- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN.

Este contrato adjudicarase mediante **procedemento aberto con varios criterios de adjudicación**, de acordo co disposto nos artigos 138.2, 150 e 157 e seguintes do TRLCSP. O órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142-TRLCSP.

CLÁUSULA 10ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

10.1.- PRAZO: O prazo para presentar ofertas será de **15 días naturais** (art. 159.2-TRLCSP), contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP. En caso de que se declare a **tramitación urxente** do expediente o prazo reducirase a **8 días naturais**.

10.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 14:00.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850 a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de

ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

10.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: *Os contratistas interesados na licitación deberán presentar **TRES sobres pechados**, nos que se escribirá de forma lexible e visible, os seguintes datos:*

En cada un dos sobres, segundo corresponda:

- *Sobre A: "Documentación Administrativa"*
- *Sobre B: "Memoria de actuación"*
- *Sobre C: "Oferta Económica"*

Denominación do contrato: «Oferta para participar na licitación do contrato administrativo especial de servizo de bar-cafetería do Centro Sociocomunitario do Concello de Cangas»».

- *Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.*
- *DNI ou NIF*
- *Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.*
- *Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.*

10.4.- DOCUMENTACIÓN:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: *este sobre deberá incluír:*

- **Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo II deste prego.** *Este modelo pode descargarse en formato .pdf para cubrir na web do Concello de Cangas www.cangas.org.*
- *Copia do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.*

SOBRE «B»: PROXECTO DE EXPLOTACIÓN

Os licitadores deberán achegar unha memoria técnica no que se indicará pormenorizadamente aqueles aspectos que serán avaliados de xeito subxectivo recollidos na cláusula 11ª deste prego.

SOBRE «C»: OFERTA ECONÓMICA

A oferta económica presentárase conforme ao modelo que consta no Anexo III deste prego.

CLÁUSULA 11ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

- **CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:** Memoria técnica → Ata 40 puntos
- **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:** Maior canon ofertado → Ata 60 puntos

A).- CRITERIOS SUBXECTIVOS, NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Proxecto de explotación: Ata un máximo de 40 puntos:

- **Equipamento complementario:** valorarase a achega de equipamento complementario tanto para a propia cafetería como para a sala anexa, (TV, lavalouzas, xogos de mesa, etc), pequenas reformas que melloren o local, etc
- **Programa de actividades:** valorarase a oferta dun programa de actividades complementario para os/as usuarios/as da cafetería e do centro sociocomunitario, (por exemplo campionatos de xogos de mesa, organización de charlas temáticas de interese para os/as usuarios/as, etc).
- **Produtos e prezos ofertados:** valorarase a maior variedade de produtos ofertados e os prezos dos mesmos, outorgando maior puntuación ás propostas con mellor relación calidade-prezo.

A memoria técnica que presenten os licitadores, analizarase en conxunto, atendendo ós tres criterios sinalados anteriormente.

B).- CRITERIOS OBXECTIVOS, AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Maior canon ofertado: Ata un máximo de 60 puntos.

Valorarase a suba do prezo de licitación. Corresponderá a máxima puntuación á maior suba ofertada, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa. Outorgarase 0 puntos ás proposicións que non oferten suba ó tipo base de licitación (250 €). Non serán admitidas as ofertas que ofrezan un canon inferior ó tipo de licitación sinalado na Cláusula 3.2ª deste prego.

CLÁUSULA 12ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato. Estará composta por:

Presidente: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Vocais: a Secretaria Xeral, a Interventora municipal, o Concelleiro de Servizos Sociais.

Secretaria: a Técnica de Admón. Xeral do Dpto. de Apoio Xurídico a Secretaría.

O presidente poderá nomear como asesores da mesa, ós técnicos municipais que sexan necesarios para a avaliación dos proxectos de explotación achegados no sobre B.

CLÁUSULA 13ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE OFERTAS

*A cualificación da documentación achegada no **Sobre A** efectuarase pola Mesa de Contratación en acto non público de acordo coas seguintes formalidades:*

- O/a Presidente/a ordenará a apertura do sobre e a Secretaria certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo.*
- Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables comunicaraos ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles ós licitadores para que corrixan ou emenden os erros ante a propia mesa de contratación. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.*
- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará expresamente os licitadores admitidos e os rexeitados con indicación das causas de rexeitamento, circunstancia que se notificará ós licitadores rexeitados ós efectos oportunos.*

*Concluída a fase anterior celebrárase en acto público, no día e hora anunciado previamente no perfil do contratante, a apertura do **Sobre B** que contén a memoria técnica ou proxecto de explotación, que serán remitidos ós técnicos municipais para o seu análise e valoración. Unha vez recibido o informe que ó respecto emitan os técnicos asesores anunciarase no perfil do contratante o día e hora en que se procederá en acto público á apertura do **Sobre C** coa "Oferta económica". Este acto comezará dando a coñecer a puntuación outorgada a cada un dos licitadores nos proxectos de explotación achegados. Acto seguido, procederase á apertura da oferta económica e ao cálculo da puntuación que corresponde a cada proposta aplicando a fórmula indicada.*

De todo o actuado deixarse constancia documental no expediente estendéndose ó efecto a correspondente acta. A mesa poderá acordar motivadamente, propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas sempre e cando a documentación técnica ou económica que presenten variasen as previsión dos pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao licitador.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a Administración.

CLÁUSULA 14ª.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal do prezo ofertado, atenderase ao disposto no artigo 85-RXLCAP, considerando temerarias aquelas ofertas que se atopen nos supostos indicados nese artigo.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta analizarase á vista dos informes que sobre este extremo, poidan emitir os técnicos municipais. Antes da emisión deste informe solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de 3 días hábiles, xustificación que deberá emitirse nos termos sinalados no artigo 152.3-TRLCSP e sobre a que, necesariamente se pronunciarán os informes técnicos. Respecto ás melloras ofertadas, atenderase á posibilidade técnica de execución das mesmas co orzamento económico que se oferta, tendo en conta para elo os cálculos de custes (de persoal e materiais) correntes no mercado, e as explicacións que puidera dar o licitador incurso nesta presunción de temeridade.

O órgano de contratación, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custe das mellores sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución das mesmas. A efectos desta valoración, poderase considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

A Mesa de Contratación, de acordo co artigo 22.1.f) do RD 817/2009, tramitará o procedemento sinalado e efectuará proposta de declaración como anormal ou desproporcionada, correspondendo esta declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, ao órgano de contratación no momento de realizar a adxudicación, de conformidade co artigo 152.4-TRLCSP.

CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- *En primeiro lugar, será de aplicación o disposto no artigo 142.4 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, segundo o cal "as cooperativas terán dereito preferente nos casos de empate nos concursos e subastas en que participen, convocados polas administracións públicas galegas e entes dependentes das mesmas, para a realización de obras, servizos e subministracións.*
- *En segundo lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato.*
- *En terceiro lugar, resolverase a favor do licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.*
- *En cuarto lugar, a empresa que teña implantado un plan de igualdade ou obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia e co establecido no Decreto 33/2009 do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.*
- *Por último, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo ao azar.*

CLÁUSULA 16ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

16.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

16.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.
- Persoas xurídicas:
 - Copia da tarxeta do Número de Identificación Fiscal (NIF), debidamente compulsada.
 - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
- Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).
- Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.
Ademais deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.
- Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCSP).
- Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituírse formalmente

en UTE en caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSP.

16.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente do documento que acredite a personalidade deste representante (DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constitucións ou modificación estatutarias ou elevación dea cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

16.1.C) Bastanteo de poderes:

As escrituras ás que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público, cunha antigüidade non superior a 6 meses.

16.1.D) Documentación acreditativa da solvencia:

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira de acordo co disposto na cláusula 7.1 deste prego e documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo co disposto na cláusula 7.2 deste prego.

16.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

16.1.F) REXISTRO DE CONTRATISTAS

De acordo co disposto no artigo 83-TRLCSP, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debendo acompañar á dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSP).

En todo caso, os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado, unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

16.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSF deberá presentar:

- *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais, autonómica e local) e coa Seguridade Social.*
- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSF.*
- *Xustificante do pagamento do importe do anuncio de licitación.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSF.

CLÁUSULA 17ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

17.1.- ADXUDICACIÓN:

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSF). A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ó artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSF).

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- *En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- *Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*

- *En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.

17.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP. Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 18ª.- EXECUCIÓN E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

O contratista executará o contrato con estrita suxeición ás cláusulas do mesmo, do PCAP do PPT, e de acordo coas instrucións que para a súa execución dera ó contratista a Administración.

O contratista será responsable da calidade das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas.

CLÁUSULA 19ª.- PAGO DO CANON

O adxudicatario ven obrigado ó pago do canon que propuxera na súa oferta económica. O devengo producirase a partir da data de formalización do contrato. O canon ingresarase por trimestres vencidos, dentro dos 10 días seguintes ó trimestre correspondente e sen necesidade de requirimento algún por parte do Concello de Cangas. O pagamento do realizarase na Tesourería Municipal na forma que se determine no documento formalizador do contrato.

CLÁUSULA 20ª.- OBRIGAS E DEBERES DO ADXUDICATARIO

- 1) *O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Seguridade e Hixiene, manipulación de alimentos, materia laboral e de Seguridade Social, fiscal, así como de toda a lexislación vixente aplicable.*
- 2) *Serán por conta do adxudicatario a obtención e pago de licencias, permisos e calquera outra clase de tributos que grave o exercicio desta actividade.*
- 3) *A cafetería disporá dun libro ou follas de reclamacións en modelos normalizados e disporá dun cartel en lugar visible, onde se indique a existencia e disposición do mesmo ós clientes da cafetería.*
- 4) *O adxudicatario achegará á súa costa, todos os utensilios, enxoval, e demais elementos mobles necesarios para a adecuada prestación do servizo, e como mínimo todo aquilo que ofertara na súa proposta e que serviu de elemento decisorio para a adxudicación.*
- 5) *O adxudicatario dedicará á execución do contrato, o persoal que resulte necesario para a adecuada prestación do servizo. Este persoal non terá relación contractual de ningún tipo co Concello de Cangas.*
- 6) *O adxudicatario realizará a limpeza do Bar e o seu entorno coa debida dilixencia e cantas veces sexa necesario ou cando así llo ordene o Concello. Así mesmo deberá retirar o lixo fóra do recinto ós lugares habilitados para elo.*

Obrigas especiais de limpeza:

- i. Diariamente deberán facerse cargo da limpeza do bar-cafetería e da sala anexa de xogos.*
 - ii. Os fins de semana e festivos deberán facerse cargo da limpeza total dos aseos o dos espazos que ocasionalmente utilizaran para actividades.*
- 7) *O adxudicatario apoiará e colaborará coa Asociación de Xubilados e Pensionistas Santiago de Cangas e demais usuarios do Centro Sociocomunitario nas actividades que organice, involucrándose na súa organización se fora necesario.*
 - 8) *O adxudicatario exercerá as funcións de vixilancia do inmovible e limpeza do bar. A tal efecto correrá ó seu cargo a reposición de todos os elementos que sexan obxecto de roubo ou subtracción, ou de cantos danos se causen a consecuencia de actos vandálicos no interior do inmovible, debendo contratar ó seu cargo os correspondentes seguros.*
 - 9) *Prohíbese a venda de tabaco, segundo o establecido no capítulo 2, artigo 3.2 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade de produtos de tabaco.*
 - 10) *Queda terminantemente prohibida a venda de alcohol a menores de 18 anos, debendo exhibirse en lugar visible o cartel indicativo desta norma.*
 - 11) *Será por conta do adxudicatario o pago que corresponda por programas e cadeas de TV que establezan a modalidade de pago por visión.*
 - 12) *Tamén correrá ó seu cargo, o canon establecido pola SGAE para a explotación do bar-cafetería. En caso de que se celebren actos lúdico-culturais que*

levaran consigo a obriga de pagar canon polo dito concepto, a obriga do seu pago recaerá na organización de tales eventos.

- 13) Durante o tempo que dure a explotación do bar-cafetería deberá coordinar e organizar o servizo para non xerar prexuízos ós demais usuarios do centro sociocultural, e así mesmo respectarán os decibelios de son permitidos na normativa aplicable.*
- 14) Manter o local, accesos ó mesmo e arredores en perfectas condicións hixiénico sanitarias. O adxudicatario someterase ás inspeccións sanitarias e de calquera outro tipo que realice o propio Concello ou calquera outra Administración competente. Todos os custes que se deriven do cumprimento das obrigas sanitarias serán por conta do adxudicatario.*
- 15) Queda prohibida a realización de calquera obra ou instalación sen previa autorización expresa do Concello, aínda que non se altere a configuración do inmovible. As obras e instalacións autorizadas quedarán en beneficio da finca, sen dereito a reintegro algún e sen que poida reclamar cantidade algunha por dito concepto.*
- 16) Serán de conta do empresario adxudicatario as pequenas reparacións que deban realizarse para manter o inmovible en estado de servir ó uso ó que se destina.*
- 17) O Concello de Cangas, como entidade contratante, non asumirá ningunha responsabilidade polos danos causados a terceiros como consecuencia do servizo prestado polo adxudicatario, nin polos ocasionados ou sufridos polos empregados da empresa, a cargo da cal estará o correspondente seguro de responsabilidade civil, que deberá subscribir e manter vixente durante toda a vixencia do contrato.*
- 18) O adxudicatario non pode utilizar o nome do Concello de Cangas nas súas relacións con terceiras persoas a efectos de facturación de provedores ou calquera outra que poda ter con persoas ó seu servizo ou coas que manteña relacións comerciais ou profesionais. O adxudicatario será o único responsable en todo o relativo á xestión do bar.*
- 19) Se o adxudicatario decidira finalizar o contrato antes do vencemento do mesmo sen causa de forza maior, quedará obrigado a abonar ó Concello ó equivalente á anualidade en curso.*
- 20) O adxudicatario deberá comezar a actividade o día seguinte ó da formalización do contrato.*
- 21) O adxudicatario queda obrigado ó desaloxo do local do bar-cafetería e sala anexa nas 48 horas seguintes ó vencemento do contrato, debendo entregalo á libre disposición do Concello en perfecto estado de conservación e limpeza e co enxoval e elementos de propiedade municipal.*

CLÁUSULA 21ª.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO

- 1) O contratista terá dereito a explotar por si a cafetería percibindo o 100% dos prezos satisfeitos polos usuarios ou consumidores.*
- 2) A persoa adxudicataria do servizo de cafetería terá dereito a utilizar as instalacións, maquinaria, mobiliario, enseres e utensilios que, para o cumprimento do contrato, tivera posto á súa disposición o Concello.*

- 3) *Así mesmo, terá dereito a percibir dos usuarios e usuarias do servizo o pago do prezo dos produtos e servizos que aqueles adquiren, de conformidade coa lista de prezos que, en cada momento estea aprobada.*

CLÁUSULA 22ª.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO: INFRACCIONES E SANCIONES

As infraccións que cometa o contratista na execución do contrato poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

INFRACCIONES LEVES:

- 1) Incumplimento puntual dos horarios de apertura do bar.*
- 2) Incumplimento non reiterado das obrigas de mantemento e limpeza das instalacións.*

INFRACCIONES GRAVES:

- 1) Incumplimento reiterado da horarios de apertura do bar.*
- 2) Incumplimento das instrucións e directrices dadas polo responsable municipal do contrato, pola Alcaldía ou concelleiro da Área, ou por calquera técnico municipal autorizado.*
- 3) Incumplimento reiterado das obrigas de conservación, mantemento e limpeza das instalacións.*
- 4) A percepción de prezos superiores ós ofertados.*
- 5) Incumplimento non reiterado dalgunha das obrigas impostas ó adxudicatario relativas á organización e funcionamento da actividade contratada, salvo no caso de que fora considerada por si mesma como infracción moi grave.*
- 6) O retraso inferior a un mes na posta en funcionamento do bar, dende a data de formalización do contrato.*
- 7) O Incumplimento da calquera das obrigas establecidas neste prego, ou xurdidas dos compromisos asumidos na súa oferta, sempre que o dito incumplimento non teña a consideración de falta moi grave.*

INFRACCIONES MOI GRAVES:

- 1) Destinar o bar a uso distinto do que lle é propio, aínda que sexa de carácter esporádico.*
- 2) A prestación do servizo con deficiencias graves e reiteradas, incumprindo as condicións de organización e prestación do servizo.*
- 3) A subcontratación parcial, o subarrendo das instalacións e o cambio de titularidade sen autorización municipal.*
- 4) O incumplimento grave e reiterado das obrigas de mantemento e conservación das instalacións e enxoval.*
- 5) O incumplimento da normativa laboral, sobre seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.*
- 6) A falta de subscripción ou renovación dos seguros obrigatorios.*
- 7) A falta de pago do canon que corresponda.*
- 8) A falta de pago das sancións impostas ó adxudicatario pola comisión dunha infracción grave ou a falta de reposición das garantías no se caso.*

- 9) O incumprimento da normativa reguladora da calidade e hixiene dos alimentos e instalacións propias do servizo a prestar, así como a súa prestación con deficiencias.
- 10) Obstaculizar a labor inspectora das autoridades e técnicos municipais.
- 11) O retraso superior a un mes na posta en funcionamento do bar, a contar dende a formalización do contrato.
- 12) A reiteración das faltas graves serán consideradas faltas moi graves. Entenderase que a falta é reiterada nos casos nos que a mesma se cometera máis dunha vez ó longo da mesma anualidade e máis de tres en calquera período de vixencia do contrato.

SANCIÓNS:

- A) Pola comisión de infraccións LEVES poderase impoñer unha sanción consistente en multa de ata 300 €.
- B) Pola comisión de infraccións GRAVES poderase impoñer unha sanción consistente en multa desde 301 € ata 1.500 €.
- C) Pola comisión de infraccións MOI GRAVES poderase impoñer unha sanción consistente en multa desde 1.500 € ata 3.000 €.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbese lugar, como consecuencia dos feitos constitutivos da infracción.

As sancións impóranse previa incoación do correspondente expediente, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a dez días, a fin de que poida formular alegacións e propoñer as probas que estime pertinentes. A resolución do expediente para a imposición da penalidade administrativa corresponderá ao órgano de contratación. O importe das mesmas farase efectivo mediante dedución das mesmas nas correspondentes facturas, respondendo en todo caso a garantía definitiva da súa efectividade.

CLÁUSULA 23ª.- PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía estenderase ao período de duración do contrato e non será devolta ou cancelada ata que transcorra UN MES dende a finalización do contrato.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ao/á contratista conforme o artigo 212 do TRLCSP.
- Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.

En caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicataria sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que non se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades, devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.

CLÁUSULA 24ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé ningún suposto concreto de modificación do contrato, que no seu caso só poderá ter lugar de acordo co disposto no Título V do Libro I do TRLCSP sempre que se xustifique a concorrencia dalgunha circunstancia das sinaladas no artigo 107 do citado texto legal. A modificación que se acorde tramitarase de acordo co establecido nos artigos 210, 211, e 219-TRLCSP.

CLÁUSULA 25ª.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Procederá a cesión do contrato de conformidade co disposto no artigo 226-TRLCSP. O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa da cesión polo órgano de contratación. A non constitución da garantía dentro do dito prazo poderá dar lugar á resolución do contrato. A contratación con terceiros da realización parcial do contrato estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227.

CLÁUSULA 26ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ademais dos supostos de cumprimento e vencemento de contrato, este extinguirase por resolución acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar ós efectos previstos nos artigos 225 e 309 do mesmo texto legal.

CLÁUSULA 27ª.- XURISDICIÓN

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a interpoñer recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

1.- OBXECTO DO CONTRATO:

- *Contrato administrativo especial consistente na prestación do servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario do Concello de Cangas.*
- *Especificacións: recollidas no PPT*

2.- TIPO DE LICITACIÓN:

- *Canon: 250 €/mes mellorable á alza.*

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN: *4 anos non susceptible de prórroga.*

4.- PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN: *ABERTO con varios criterios de adxudicación*

5.- TRAMITACIÓN: *ordinaria*

6.- GARANTÍAS ESIXIBLES:

- *Definitiva: 5% do prezo de adxudicación*

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN/ADXUDICACIÓN:

A).- CRITERIOS SUBXECTIVOS, NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS: *Ata un máximo de 40 puntos:*

Proxecto de explotación:

- *Programa de actividades*
- *Produtos e prezos ofertados*
- *Equipamento complementario*

B).- CRITERIOS OBXECTIVOS, AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS: *Ata un máximo de 60 puntos.*

Maior canon ofertado

ANEXO II

ANEXO III

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

«D _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/

_____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, en relación á licitación para a contratación do "**SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE CANGAS**" declaro que coñezo os pregos administrativo e técnico que rexen este contrato e que os acepto integramente, comprometéndome a executar o obxecto do contrato con estrita suxeición ós mesmos e demais documentación que integra o expediente, e presento a seguinte

OFERTA ECONÓMICA:

Canon mínimo: 250 €/mes

Incremento do canon mensual en _____ euros (indicar importe en número e letra)

Total canon mensual: _____ euros (indicar importe en número e letra)

Cangas, de de 201__

Asdo.: _____
(sinatura e selo da empresa)

ANEXO IV

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na [Lei de Contratos do Sector Público](#) e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

El licitador (firmado y rubricado)

DILIXENCIA.- *Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 26 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste Concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 21.12.2015*

Cangas, 21 de decembro de 2015

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: Berta Alonso Soto

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT) QUE REXERÁ O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE CANGAS

ÍNDICE

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

CLÁUSULA 2ª.- RÉXIME DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

2ª.1.- Medios materiais

2ª.2.- Medios persoais

2ª.3.- Horario

2ª.4.- Usuarios do servizo

2ª.5.- Produtos alimenticios e medidas de hixiene alimentaria

2ª.6.- Limpeza

2ª.7.- Subministros

2ª.8.- Prezos

2ª.9.- Seguro de responsabilidade civil

2ª.10.- Outras obrigas legais

ANEXO I.- Plano do bar cafetería

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto regular as condicións ás que se suxeitará a adxudicación e réxime de explotación do servizo de bar-cafetería do Centro Sociocomunitario situado na Avda. de Castelao n.º 4.

O Concello de Cangas porá a disposición da persoa ou empresa adxudicataria o local propio de bar e as dependencias anexas descritas no plano do Anexo I, para a súa explotación nos termos expostos nas presentes prescricións

técnicas, quedando totalmente prohibido calquera outro uso de carácter privado.

O adxudicatario deberá desenvolver o servizo de cafetería exclusivamente na zona do centro habilitada para tal servizo.

CLÁUSULA 2ª.- RÉXIME DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

2ª.1.- Medios materiais

O Concello de Cangas facilitará ó adxudicatario, o espazo destinado á actividade de cafetería e a sala anexa (sala de xogos) que se sinala no plano do Anexo I.

Así mesmo o Concello pon a disposición do adxudicatario 38 mesas e 136 cadeiras. O resto de elementos materiais, enxoval, maquinaria, mobiliario e demais aveños necesarios para o desempeño da actividade e prestación do servizo serán achegados polo adxudicatario.

Rematado o contrato levantarase acta do inventario debendo restituír o contratista aqueles elementos materiais que tiveran sido danados ou houberan desaparecido. A persoa ou empresa adxudicataria estará obrigada a utilizar coa dilixencia debida todas as instalacións e mobiliario postos a disposición do servizo de cafetería.

As reparacións e reposicións ordinarias correrán a cargo do adxudicatario, asumindo o Concello o custe das reparacións de carácter extraordinario, sempre que as mesmas non se deberán a un mal uso, e sempre que a necesidade da súa reparación e o custe da mesma se comunique con antelación á realización do gasto, o cal deberá ser aprobado polo órgano local competente.

2ª.2.- Medios persoais

O adxudicatario (sexa persoa física ou xurídica) prestará persoalmente o servizo de cafetería, non podendo subarrendar nin ceder o contrato suscrito co Concello, se prexuízo de que poida contratar a persoal de apoio ou de substitución en períodos de baixa por IT ou vacacións. Neste caso o persoal contratado polo adxudicatario non manterá ningún tipo de relación laboral nin contractual co Concello de Cangas.

2ª.3.- Horario

O horario de apertura do servizo de bar-cafetería será de luns a venres de 8:30 a 22:30 horas, e sábados, domingos e festivos poderá abrir desde as 8:30 ata as 23:30 horas.

2ª.4.- Usuarios do servizo

Non se poderá denegar o servizo a ningunha persoa, salvo casos de desorde, alteración do orde público ou falta grave de respecto e consideración cara os demais usuarios ou or propios responsables da cafetería.

As persoas usuarias da cafetería serán tratadas en todo momento con respecto e deferencia. O adxudicatario porá a disposición das persoas usuarias as Follas

de Reclamacións, debendo achegar unha copia do mesmo no Concello de forma semestral.

2ª.5.- Produtos alimenticios e medidas de hixiene alimentaria

Os produtos servidos na cafetería do centro social serán de calidade media-alta, con garantía de marca para as bebidas e os produtos envasados, debendo prestar especial atención ás calidades alimenticias adecuadas para o consumo da poboación maior, preferentemente naturais, sen edulcorantes artificiais, colorantes, potenciadores do sabor nin aditivos en xeral, debendo ofrecer a debida información nutricional nos seus envases.

As elaboracións de comidas que se preparen na cafetería (bocadillos, pinchos, etc) deberán realizarse con produtos e materias primas procedentes de empresas autorizadas, debendo dispoñer dos albaráns e facturas xustificativas da dita procedencia. Desbotaranse os alimentos preparados e non consumidos no día e elaboraranse coa menor antelación posible ó seu consumo. Os produtos xa elaborados deberán proceder de empresas autorizadas, debendo igualmente dispoñer dos albaráns ou facturas xustificativas desta procedencia.

En todo o non expresamente establecido relativo ós produtos alimenticios deberase cumprir a normativa vixente recollida no Regulamento (CE) nº 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e no Real Decreto 3484/200, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

2ª.6.- Limpeza

O adxudicatario do servizo realizará dirariamente, e segundo a necesidade, a limpeza de tódalas instalacións, maquinaria, mobiliario, e enseres vinculados ó servizo (cociña, barra, andeis, cafetería, vaixela, mesas, cadeiras...) así como o chan ocupado por ditas instalación e mobiliario.

Así mesmo o adxudicatario deberá levar a cabo a separación selectiva dos residuos xerados pola cafetería.

2ª.7.- Subministros

O Concello farase cargo do subministro eléctrico e auga, correndo por conta do adxudicatario todos os demais servizos ou subministracións que queira contratar (teléfono, internet, TV de pago, etc.,)

2ª.8.- Prezos

A lista de prezos que o adxudicatario achegue na súa memoria de explotación incorporárase ó contrato, sen que en ningún caso poida o adxudicatario subir os prezos durante o primeiro ano de explotación; a partir do cal poderá presentar ó órgano de contratación unha subida de prezos que non poderá ser superior ó incremento do IPC anual, e que en todo caso deberá xustificar adecuadamente a necesidade ou conveniencia de tal suba de prezos.

A lista de prezos deberá expoñerse á vista dos/as usuarios/as dos servizo de cafetería.

2ª.9.- Seguro de responsabilidade civil

O adxudicatario está obrigado a subscribir un seguro de responsabilidade civil polos danos que na prestación do servizo puidera causar a terceiros, no que tamén haberá de incluír danos posible intoxicación alimentaria. O adxudicatario entregará no Concello unha copia do mesmo antes da formalización do contrato.

ANEXO I.- Plano do bar cafetería e sala anexa

ANEXO I

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como secretaria xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 6 páxinas esta incluída máis o anexo de planos, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada en data 21.12.2015.

*Cangas, 21 de decembro de 2015
A SECRETARIA XERAL*

Asdo.: Berta Alonso Soto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de bar-cafetería do Centro sociocomunitario do Concello de Cangas.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

10º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

10.A) PROPOSTA S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Dáse conta de proposta do día 16.12.15 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a autorización de postos de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL (V-15/054)

ANTECEDENTES

Por escrito con rexistro de entrada nº 16194, do 15 de decembro, S. G. J., solicita a transmisión da autorización de venda ambulante do que é titular no mercado de venda a favor de M. A. C. M. M.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) regula a transmisibilidade das autorizacións no seu artigo 16.

O precepto indicado dispón que: -En ningún caso se poderá transmitir a autorización a alguén que xa conte con outro posto no mercado-.

Visto que a persoa a favor da que se pretende efectuar a transmisión (M. A. C. M. M.) é titular doutro posto no mercado, segundo o indica o propio interesado o contiguo ao seu, procede desestimar a solicitude formulada en aplicación do apartado transcrito do artigo 16.

A competencia para o outorgamento das autorizacións corresponde á Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 15 da citada ordenanza.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de transmisión efectuada por S. G. J. da autorización de venda ambulante do Concello de Cangas, da que é titular por pretender realizarse a favor dunha persoa que xa é titular doutro posto no mercado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Concellería de Desenvolvemento económico e emprego local e Tesourería xunto cos recursos procedentes. "

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

10.B) PROPOSTA S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Dáse conta de proposta do día 16.12.15 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a autorización de postos de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL (V-15/053)

ANTECEDENTES

Por escrito con rexistro de entrada nº 15816 do 07/12/2015, C. B. G., solicita a baixa do posto nº 97.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) recolle a renuncia voluntaria, no seu artigo 18, como un dos supostos de extinción anticipada da autorización relacionando unha serie de supostos que se asimilan a esta. Visto que a interesada presenta a súa renuncia por escrito procede tomar coñecemento desta e declarar a extinción da autorización de venda ambulante da que era titular.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia voluntaria presentada por C. B. G. e declarar extinguida a autorización de venda ambulante do posto nº 97, do que era titular, tramitando en consecuencia a súa baixa no padrón de cobro da taxa correspondente.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, á Concellería de Desenvolvemento económico e emprego local e Tesourería, xunto cos recursos procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE "SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE 16 FOTOCOPIADORAS NOVAS EN RÉXIME DE RENTING PARA DISTINTAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 21.12.2015, referente ao expediente de "SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE 16 FOTOCOPIADORAS NOVAS EN RÉXIME DE RENTING PARA DISTINTAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE 16 FOTOCOPIADORAS NOVAS EN RÉXIME DE RENTING PARA DISTINTAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS

Vista a proposta realizada pola mesa de contratación relativa ao escrito de alegacións presentado por V. V. T., en representación da empresa Documentación e Imagen del Noroeste, S.L. (DIN, S.L.) o día 21.12.2015 no Rexistro Xeral do concello (entrada nº 16554) contra á puntuación provisional que lle foi notificada o día 18.12.2015 que literalmente di:

"Logo do estudo e análise do escrito de alegacións presentado por DIN, S.L. (que se xunta a esta acta como anexo I) compróbase que efectivamente hai un erro na puntuación outorgada a esta empresa no apartado 2.a) da oferta económica, relativo a -Menor cota mensual fixa-, no que se lle outorgaron 0 puntos por ofertar o tipo de licitación de seiscentos euros (600,00 €).

Efectivamente a fórmula fixada no prego para puntuar este apartado establece literalmente que: -Neste apartado valorarase o menor prezo ofertado en cada subapartado; a máxima puntuación outorgaráselle ao licitador/licitadora que oferte un menor prezo, distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres inversa-. Do tenor literal da cláusula transcrita compróbase que nese apartado do prego non se establece que: -corresponderá outorgar 0 puntos ao licitador/licitadora que non realice baixa ou que oferte o tipo base de licitación- como sí se dispuxo expresamente noutros apartados do prego. Por todo iso e seguindo o tenor literal do establecido no PCAP, procede aplicar a fórmula descrita no apartado 2.a) e en consecuencia aplicar a regra de tres inversa para outorgar a puntuación que corresponda á empresa DIN, S.L. e cuxo resultado consta como anexo II de esta acta.

Polo exposto, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Estimar as alegacións presentadas por DIN, S.L., respecto da puntuación provisional outorgada ás ofertas económicas.

2.- Modificar a puntuación outorgada a DIN, S.L., no apartado 2.a) e en consecuencia aprobar a puntuación definitiva das dúas empresas que consta no anexo II.-

Visto que a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar os documentos contractuais como é o PCAP, e así mesmo, correspóndelle resolver as dúbidas e incidencias que poidan xurdir na tramitación dos expedientes de contratación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar integramente a proposta realizada pola mesa de contratación relativa ao escrito de alegacións presentado por V. V. T., en representación da empresa Documentación e Imagen del Noroeste, S.L. (DIN, S.L.) o día 21.12.2015 no Rexistro Xeral do concello (entrada nº 16554).

Segundo.- Estimar as alegacións presentadas por DIN, S.L., respecto da puntuación provisional outorgada ás ofertas económicas e en consecuencia modificar a puntuación outorgada a DIN, S.L., no apartado 2.a) cuxo resultado final é o seguinte:

- > DIN, S.L.: 92,460 puntos.*
- > Canon, S.A.: 83,731 puntos.*

Terceiro.- Notificar este acordo ás dúas empresas licitadoras para os efectos de que poidan alegar o que estimen conveniente no prazo de 3 días hábiles a contar desde a recepción deste acordo.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de "SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE 16 FOTOCOPIADORAS NOVAS EN RÉXIME DE RENTING PARA DISTINTAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS".

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO POS-2016 PLAN CONCELLOS (LIÑA 4)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 18.12.15, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4), que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016-LIÑA 4

Publicadas no BOP nº 233 de data 02/12/2015, pola Deputación Provincial de Pontevedra, as bases e convocatoria dun Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €), tendo en conta as porcentaxes máximas nas liñas 2, 3 e 4, o concello con

base nas necesidades procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración das correspondentes memorias e proxectos.

Polo que proponho á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva do TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS A SOGAMA, dentro da LIÑA 2.

Segundo.- Solicitar unha subvención polo importe cento trinta e catro mil novecentos un euros con noventa e sete céntimos (134.901,97) incluído o IVE, con cargo á Liña 2, para transporte e tratamento de RSU do municipio."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4).

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO POS-2016 (PLAN CONCELLOS)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 18.12.15, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4), que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016

Publicadas no BOP nº 233 de data do 02/12/2015, pola Deputación Provincial de Pontevedra, as bases e convocatoria dun Plan provincial de cooperación nas obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €) e a ter en conta as porcentaxes máximas nas liñas 2, 3 e 4, o concello con base nas necesidades procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración das correspondentes memorias e proxectos.

Polo que proponho á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Realizar as seguintes actividades, dentro da LIÑA 3 que se relacionan, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso:

Denominación actividade	Importe total euros, incluído
--------------------------------	--------------------------------------

	IVE
<i>Correlíngua</i>	<i>1.200,00</i>
<i>Camiños escolares</i>	<i>800,00</i>
<i>Proxectos educativos</i>	<i>300,00</i>
<i>Transporte actividades educativas</i>	<i>1.000,00</i>
<i>Guía móvete por Cangas</i>	<i>500,00</i>
<i>Edición proxecto orquestral</i>	<i>750,00</i>
<i>Instrumental Conservatorio</i>	<i>2.000,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional Concello de Cangas "Aturuxos da Ría"</i>	<i>5.000,00</i>
<i>MusiCangas 2016</i>	<i>6.700,00</i>
<i>Salón do Cómic</i>	<i>4.800,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional</i>	<i>2.500,00</i>
<i>Actividades Medioambientais 2016</i>	<i>12.000,00</i>
<i>Programación Auditorio</i>	<i>3.000,00</i>

Segundo.- Aprobar as memorias descritivas e os importes correspondentes das seguintes actividades:

Denominación actividade	Importe total euros, incluído o IVE
<i>Correlíngua</i>	<i>1.200,00</i>
<i>Camiños escolares</i>	<i>800,00</i>
<i>Proxectos educativos</i>	<i>300,00</i>
<i>Transporte actividades educativas</i>	<i>1.000,00</i>
<i>Guía móvete por Cangas</i>	<i>500,00</i>
<i>Edición proxecto orquestral</i>	<i>750,00</i>
<i>Instrumental Conservatorio</i>	<i>2.000,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional Concello de Cangas "Aturuxos da Ría"</i>	<i>5.000,00</i>
<i>MusiCangas 2016</i>	<i>6.700,00</i>
<i>Salón do Cómic</i>	<i>4.800,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional</i>	<i>2.500,00</i>
<i>Actividades Medioambientais 2016</i>	<i>12.000,00</i>
<i>Programación Auditorio</i>	<i>3.000,00</i>

Terceiro.- Solicitar para a súa realización una subvención polo importe de trinta e oito mil cincuenta euros (38.050,00 €) con cargo á Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a

solicitud de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4).

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO POS-2016 PLAN CONCELLOS (LIÑA 4)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 18.12.15, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4), que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016- LIÑA 4

Publicadas no BOP nº 233 de data do 02/12/2015, pola Deputación Provincial de Pontevedra as bases e convocatoria dun Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €), tendo en conta as porcentaxes máximas nas liñas 2, 3 e 4, o concello con base nas necesidades procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración das correspondentes memorias e proxectos.

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Realizar o Primeiro Plan 2016 para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, coa contratación de 34 persoas, polo importe total de douscentos vinte e nove mil trescentos cincuenta e dous euros con noventa e cinco céntimos (229.352,95 €), dentro da LIÑA 4 e de conformidade co seguinte:

Denominación servizo	Nº de traballadores	Datas de inicio
<i>Apoio á Brigada de Obras. Limpeza e mantemento de espazos públicos</i>	<i>13 peóns agrícolas</i>	<i>02/05/2016</i>
<i>Apoio ao servizo de limpeza viaria</i>	<i>6 peóns varredores</i>	<i>14/03/2016</i>
<i>Apoio á Brigada de Obras</i>	<i>11.- 4 peóns albaneis 4 xaridiñeiros/as 1 peón electricista 1 condutor/a</i>	<i>02/05/2016</i>

<i>Apoio ao servizo de conserxería en edificios públicos</i>	<i>3.- 1 conserxe para instalacións deportivas 1 conserxe para Praza de Abastos. 1 conserxe para a Casa da Cultura</i>	<i>2 o 15/02/2016 1 o 14/03/2016</i>
<i>Servizo de apoio ao Gabinete de Alcaldía</i>	<i>2.- 2 auxiliares administrativos (FP1 ou equivalente)</i>	<i>04/04/2016</i>

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva do Primeiro Plan de Emprego 2016 para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais coa contratación de 34 persoas de conformidade co seguinte:

<i>Denominación servizo</i>	<i>Nº de traballadores</i>	<i>Datas de inicio</i>
<i>Apoio á Brigada de Obras. Limpeza e mantemento de espazos públicos</i>	<i>13 peóns agrícolas</i>	<i>02/05/2016</i>
<i>Apoio ao servizo de limpeza viaria</i>	<i>6 peóns varredores</i>	<i>15/02/2016</i>
<i>Apoio á Brigada de Obras</i>	<i>11.- 4 peóns albaneis 4 xardiñeir@s 1 peón electricista 1 condutor</i>	<i>02/05/2016</i>
<i>Apoio ao servizo de conserxería en edificios públicos</i>	<i>3.- 1 conserxe para instalacións deportivas 1 conserxe para Praza de Abastos 1 conserxe para a Casa da Cultura</i>	<i>2 o 15/02/2016 1 o 14/03/2015</i>
<i>Servizo de apoio ao Gabinete de Alcaldía</i>	<i>2.- 2 auxiliares administrativos (FP1 ou equivalente)</i>	<i>04//04/2016</i>

Terceiro.- Solicitar para a súa realización una subvención polo importe de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €) con cargo á Liña 4-Emprego para Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais do Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2016.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar

integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4).

E) ESCRITO DE C. C. X. S/CESIÓN DE PEZAS ARTÍSTICAS AO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de escrito do día 14.12.15 de C. C. X., no que se indica o seguinte:

"E X P O Ñ O: que no seu día fixen cesión ao Concello de Cangas dunha serie de pezas artísticas realizadas por min, polo que, debido a miña xubilación para o mes de xaneiro de 2016, solicito se me devolva o a obra "Maternidade" instalada no despacho da Secretaría Municipal, por ser unha cesión temporal."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda acceder ao solicitado polo Sr. C. X., e polo tanto, proceder á devolución da peza artística mencionada, así como, agradecerlle as cesións realizadas ao concello de súas obras artísticas.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe
o presidente